

María Begoña Villaverde Gómez.

Doutora en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (2000), completou a súa formación como Especialista en Dereito Tributario (Universidade de Santiago de Compostela, 2001).

É Profesora Contratada Doutora da Universidade de Santiago de Compostela desde 2006, estando acreditada como Profesora Titular de Universidade pola ANECA. Previamente ocupou outros postos docentes e investigadores na Universidade de Santiago de Compostela e na UNED.

Impartiu clases de Dereito Financeiro e Tributario nas Facultades de Dereito e Relacións Laborais (Campus Vida, Santiago de Compostela, USC) e Dirección e Administración de Empresas (Campus de Lugo, USC). Tamén colaborou como docente na UNED (profesora titora de Dereito Financeiro e Tributario e Dereito Mercantil) e na UNIR (profesora adxunta no Master oficial sobre fiscalidade internacional).

Na súa actividade docente e investigadora tense especializado no estudo dos dereitos e garantías dos contribuíntes, na fiscalidade local, na responsabilidade social corporativa desde o punto de vista financeiro e tributario e no dereito tributario internacional. É autora de numerosas publicacións relacionadas coa súa área de coñecemento, tanto monografías, coma capítulos de libro e artigos en revistas especializadas. Realizou diversas estadias de investigación en universidades europeas (Colonia, Bolonia e Nápoles), así coma varias colaboracións con universidades latinoamericanas (Bos Aires e La Habana).

Pertence a varios institutos e centros de investigación relacionados coa súa especialidade, coma o Instituto de Dereito Industrial (IDIUS), Centro de Responsabilidade Social, Goberno Corporativo e Protección do Investidor (CERGI) ou o Observatorio Internacional da Regulación das Entidades do Sector Público (OIRESP). No eido da xestión, ten sido responsable do programa de intercambio de alumnos interuniversitarios SICUE da Facultade de Dereito da USC, membro de varias comisións académicas así como secretaria accidental da Facultade de Dereito.

Delegada no Comité de Empresa do PDI laboral da USC no Campus de Santiago desde a súa creación, ten ocupado diversos postos na executiva da Sección Sindical de Fete-UGT na USC.

Actualmente é Conselleira de Contas de Galicia.